

PLAN DE CONVIVENCIA



PLAN DE CONVIVENCIA

1. Introducción

A posta en marcha de calquera tipo de actuación no centro educativo, ten como obxectivo acadar o maior desenvolvemento posible de todos os axentes que forman parte del. Este desenvolvemento non sería posible sen ter presente a realidade da escola e todo o seu entorno e os principios desta, tal e como se reflexa no PE.

O desenvolvemento deste plan permite asumir, por parte de toda a comunidade, a máxima participación e implicación dentro de cadansúas posibilidades. O establecemento de obxectivos, medidas e liñas de actuación deste plan, veñen a concretar un proceso de análise, reflexión e toma de decisións a través do diálogo e crítica de todos os axentes educativos.

Con este plan, preténdese concretar aqueles mecanismos que permiten seguir un mesmo camiño na construción dunha mesma realidade escolar.

2. Sensibilización

A convivencia é unha aprendizaxe complexa que se vai adquirindo ao longo da infancia e a adolescencia, na familia, na escola e na sociedade en xeral. A escola non pode inhibirse no proceso educativo da convivencia por ser un obxectivo fundamental na educación do alumnado, pero tamén porque lograr un nivel adecuado nas relacións interpersoais na aula é unha condición indispensable para traballar os demais obxectivos curriculares.

O Plan de Convivencia susténtase nun conxunto de valores asumidos por todos os membros da comunidade educativa que se convierten en principios reitores do modelo propio de xestión da convivencia no centro.

Estes valores orientan a práctica, constitúen o punto de referencia para valorar e guiar os comportamentos cotiáns, facilitan a construción dun compromiso compartido entre os membros da comunidade educativa e argumentan e xustifican as actuacións disciplinarias ou de promoción da convivencia que se adoptan.

Para establecer os principios que sustentan o Plan de Convivencia, o noso centro educativo baséase na Declaración Universal de Dereitos Humanos, nos Estatutos Europeos de Centros Educativos Democráticos sen violencia e nos principios que inspiran as accións de educación para a paz.

A achega de todos estes principios á totalidade da comunidade educativa, contribúe á procura dun clima de convivencia harmónico e pacífico, prevendo as condutas conflitivas e os problemas de relacións sociais. Para sensibilizar a todos os axentes educativos da importancia da convivencia, partimos das seguintes ideas:

- Todos os membros da nosa comunidade educativa son libres e iguais en dignidade e dereitos.
- Non se fará distinción ningunha entre eles en relación á aplicación do establecido nas nosas normas e Plan de Convivencia.
- Todos e todas temos dereito á liberdade e á seguridade no noso centro educativo. Garantilas é responsabilidade dos membros da comunidade educativa, cada un no ámbito das súas responsabilidades.
- Todas e todos somos iguais no centro educativo fronte ao cumprimento das normas que nos son de aplicación en razón dos nosos labores e responsabilidades. Todos temos igual dereito á protección contra toda discriminación que infrinxa esta declaración.



- Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito, en condicións de plena igualdade, a ser oídos no colexio por quen corresponda para a determinación dos seus dereitos e obrigas ou para o exame de calquera acusación contra eles.
- Ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias na súa vida privada nin de ataques á súa honra ou reputación. Garantirase a confidencialidade dos datos persoais e familiares dos membros da comunidade educativa, quedando, quen no exercicio das súas funcións acceda a eles, suxeito ao deber de sigilo. Todos temos dereito á protección contra tales inxerencias ou ataques.
- Todas e todos temos dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.
- Todas as persoas no colexio temos dereito á liberdade de opinión e de expresión, coas limitacións do respecto aos demais.
- O límite dos nosos dereitos está nas nosas obrigas con nós mesmos e cos membros da comunidade educativa.
- Deberemos cumprir os nosos deberes respecto á comunidade escolar. O exercicio dos dereitos e o goce das liberdades estarán suxeitos ás limitacións recollidas nas normas establecidas para asegurar o recoñecemento e o respecto dos dereitos e liberdades dos demais e satisfacer as xustas esixencias da moral, da orde pública e do benestar xeral na nosa escola.

3. Análise da situación

Para o desenvolvemento deste plan, partimos da análise das características do centro recollidas no PE.

De xeito específico, a convivencia no centro discorre de xeito tranquilo e sen grandes conflitos. Aínda así, é preciso promover e potenciar as habilidades sociais do alumnado. De igual forma, atópase necesario establecer mecanismos de coordinación e organización de todos os membros da comunidade, que permitan unificar os criterios e actuacións no desenvolvemento das liñas de convivencia.

4. Obxectivos, fins e principios

Segundo os principios e actuacións recollidos no PE, os **obxectivos xerais** deste plan de convivencia:

- 1) Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia.
- 2) Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o diálogo, co esforzo conxunto de profesorado, alumnado e familia.
- 3) Practicar unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa protagonista, e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase...
- 4) Unificar os criterios de actuación diante dos problemas de conduta do alumnado, evitando contradicións que o desorienten.



5) Promover a implicación das familias na prevención e resolución de conflitos.

Co logro dos obxectivos formulados preténdese acadar unha serie de **principios e fins** que establezan as liñas da nosa convivencia.

- 1) A prevención é a principal recomendación para a mellora da convivencia, en consecuencia o noso traballo centrarase en prever as condutas contrarias a ela no noso centro. Priorizaranse aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.
- 2) Establecerase a organización e o funcionamento do noso centro en base ao respecto e á responsabilidade persoal, á participación e ao traballo cooperativo, ao rexeitamento de toda discriminación e á compensación das desigualdades.
- 3) O conflito servirá como medio de aprendizaxe na procura dalgunha solución de forma democrática, dialogada e pacífica. Trátase de adoptar unha visión positiva do conflito e aproveitar o seu valor educativo, ofrecendo ferramentas e pautas de actuación e contribuíndo ao desenvolvemento de habilidades e estratexias que axuden aos membros da comunidade educativa a afrontalo.
- 4) A colaboración coas familias adquire un papel central na educación do alumnado, debendo estreitarse a devandita colaboración. A participación activa das familias e dos demais membros da comunidade, potenciará o sentimento de pertenza e mellorará o clima de convivencia.
- 5) Desenvolver unha convivencia adecuada na aula precisa que exista un bo nivel de coordinación entre o equipo docente. Esta deberá establecerse sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo.
- 6) A acción titorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia a través dela. O profesorado pode dispor dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais.
- 7) Respetar o medio natural e social convírtese nun mecanismo fundamental na procura do desenvolvemento da convivencia.
- 8) A actividade educativa debe fundamentarse na asertividade. Esta caracterízase por:
 - Fixar a atención nos progresos e nos elementos máis positivos da conduta.
 - Ignorar pequenos fallos, imperfeccións e deficiencias.
 - Ter paciencia activa: confiar no progreso do alumnado e, mentres este se produce, ser comprensivos coa súa participación.
 - Eloxiar, evitando sempre a sobreprotección.
 - Diferenciar entre a persoa e a súa conduta.



5. Obxectivos específicos

Tendo en conta os obxectivos xerais establecidos no Decreto 8/2015 e as características do centro e o PE, establécense os seguintes obxectivos específicos:

- Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora
- Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Deseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
- Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
 - Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.

6. Actuacións, medidas ou programas

6.1. Normas de convivencia do centro

Dereitos e deberes do alumnado

Dereitos alumnado	Recibir unha formación integral que contribúa ao seu pleno desenvolvemento
	Ser protexido ante calquera agresión ou dano físico e/ou moral
	Respectar a súa intimidade, identidade, integridade e dignidade persoal, así como a súa liberdade de pensamento relixioso, moral e ideolóxico
	Ser valorado obxectivamente no seu proceso de formación académico
	Recibir as axudas e apoios precisos para compensar calquera carencia ou desvantaxe
	Ser informado do progreso das súas aprendizaxes así como das decisións adoptadas como resultado das mesmas
	Participar na vida e funcionamento do centro, segundo o disposto nos plans e documentos de centro
	Expresarse e manifestar opinións e discrepancias en relación ás decisións que lle afecten
Deberes do alumnado	Asistir a clase con puntualidade
	Participar de forma activa nas actividades do centro
	Colaborar e implicarse na procura dun clima de convivencia e estudo adecuados
	Esforzarse para acadar o máximo desenvolvemento persoal
	Seguir as indicacións do profesorado e persoal do centro en relación co seu proceso educativo
	Respectar a todos os membros da comunidade educativa
	Respectar a intimidade, identidade, integridade e dignidade do resto da comunidade educativa, así como a súa liberdade de pensamento relixioso, moral e ideolóxico
	Coidar e empregar de forma adecuada os materiais e instalacións do centro Respectar as indicacións recollidas nos documentos de centro



Condutas contrarias á convivencia e correccións polo seu incumprimento

Referidas á tarefa:		Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia
Leves	Ausencia do material escolar reiteradamente	1. Amoestación por privado ou escrito
	Falta de disposición para o traballo na aula	1. Amoestación por privado ou escrito 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro
	Interromper con ruídos molestos	1. Amoestación por privado ou escrito 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período máximo de dúas semanas 9. Apartalo/a do grupo de traballo
	Saír da aula sen permiso nin comunicación	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección
	Facer xestos ofensivos	1. Amoestación por privado ou escrito 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período máximo de dúas semanas 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material)
	Desoír as instrucións dadas	1. Amoestación por privado ou escrito 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo
	Falar en momentos inadecuados	1. Amoestación por privado ou escrito 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo
	Perder o tempo e non realizar as tarefas na clase	1. Amoestación por privado ou escrito 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período máximo de dúas semanas
	Borrar as tarefas da axenda	1. Amoestación por privado ou escrito 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo
	Romper o material propio ou alleo	1. Amoestación por privado ou escrito 9. Apartalo/a do grupo de traballo 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material)
Graves	Reiteración de faltas leves	1. Amoestación por privado ou escrito 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Negarse a facer a tarefa	1. Amoestación por privado ou escrito



		11. Realización en horario lectivo e non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro
Empregar de xeito inadecuado Internet: utilizalo para visitar outras páxinas que non son as indicadas polo profesorado.		1. Amoestación por privado ou escrito 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia 17. Retirar o ordenador entre 1 semana e 1 trimestre, dependendo da gravidade
Enviar mensaxes inadecuadas ó resto de compañeiros/as a través da mensaxería do ordenador, correo electrónico, Aula Virtual ou E-dixgal.		1. Amoestación por privado ou escrito 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia 17. Retirar o ordenador entre 1 semana e 1 trimestre, dependendo da gravidade
Falsificar sinaturas en autorizacións ou notas		1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia 17. Retirar o ordenador entre 1 semana e 1 trimestre, dependendo da gravidade
Referidas	ás relacións entre o alumnado:	Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia
Leves	Rirse ou burlarse dun compañeiro/a. Deixalo/a apartado/a do grupo	1. Amoestación por privado ou escrito 9. Apartalo/a do grupo de traballo 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material)
	Incomodar na realización das actividades: molestar no equipo, non respectar as quendas, estragar o traballo, ter o volume do ordenador demasiado alto, anoxarse	1. Amoestación por privado ou escrito 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo 9. Apartalo/a do grupo de traballo 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material)
	Desoír as decisións grupais	1. Amoestación por privado ou escrito 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo
	Desconsideracións ou malos xestos ó alumnado: lanzarse papeis, enviarse notas, ...	1. Amoestación por privado ou escrito
	Incumprir as normas dos xogos ou facer trampa	1. Amoestación por privado ou escrito 9. Apartalo/a do grupo de traballo
	Quitar o material do alumnado	1. Amoestación por privado ou escrito



		10. Reparar o dano ocasionado (persoalou material)
Graves	Reiteración de faltas leves	1. Amoestación por privado ou escrito 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Agarrar, empurrar, agredir, pelexar, morder e/ou cuspir	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período máximo de dúas semanas 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material) 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Ameazar verbal ou fisicamente, insultar	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes
	Ofender, abusar, humillar, pór alcumes	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período máximo de dúas semanas 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Acusar inxustamente a un/ha compañeiro/a	Amoestación por privado ou escrito 9. Apartalo/a do grupo de traballo 10. Reparar o dano ocasionado (persoalou material)
	Actos de discriminación por calquera condición persoal ou social: facer comentarios ou ter comportamentos racistas, machistas, homófobos e/ou violentos.	Amoestación por privado ou escrito 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia



Referidas ó profesorado e/ou persoal non docente:		Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia
Leves	Desoír as indicacións do profesorado	Amoestación por privado ou escrito 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo 9. Apartalo/a do grupo de traballo
	Contestar sen educación	Amoestación por privado ou escrito 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 17. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material)
Graves	Reiteración de faltas leves	1. Amoestación por privado ou escrito 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Insultar, pór alcumes, ameazar e/ou agredir	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período máximo de dúas semanas 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Responder con xestos desconsiderados ou ofensivos	Amoestación por privado ou escrito 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade	Amoestación por privado ou escrito 4. Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia



Referidas ó centro:		Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia
Leves	Mal uso do material e mobiliario escolar	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo 9. Reparar o dano ocasionado (persoalou material)
	Subir ás aulas sen permiso	Amoestación por privado ou escrito
	Subir ás porterías, canastras, vallas, varandas, muros ou árbores	1. Amoestación por privado ou escrito 9. Apartalo/a do grupo de traballo (neste caso, de xogo)
	Subir ou baixar as escaleiras e/ou camiñar polo corredor de forma inadecuada	1. Amoestación por privado ou escrito
	Tirar lixo fóra das correspondentes papeleiras, non reciclar	1. Amoestación por privado ou escrito 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo 9. Reparar o dano ocasionado (persoalou material)
	Faltas de asistencia inxustificadas e faltas de puntualidade reiteradas: non cumprir o horario do centro e das clases	Amoestación por privado ou escrito Protocolo de puntualidade (5 min/ 5 días ao mes)
	Tirar a merenda	Amoestación por privado ou escrito
Graves	Reiteración de faltas leves	1. Amoestación por privado ou escrito 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Facer mal uso do papel dos baños: atascar os lavabos ou WC	Amoestación por privado ou escrito 10. Reparar o dano ocasionado (persoalou material)
	Saír do recinto escolar sen permiso. Escapar do centro	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 11. Realización en horario lectivo e non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
	Tirar obxectos contundentes	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material) 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes



	16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
Portar obxectos ou substancias perigosas non permitidas (móviles, reloxos con cámara,...)	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección
Pintar e deteriorar mobiliario (portas, mesas, aseos, cadeiras...)	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 3. Realización de traballos específicos en horario lectivo 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material) 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia
Gravar, manipular ou difundir por calquera medio imaxes ou informacións que atenten contra calquera membro da comunidade educativa	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material) 11. Realización en horario lectivo e non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia 17. Retirar o ordenador entre 1 semana e 1 trimestre, dependendo da gravidade
Falsificación, alteración ou substracción de documentos	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material) 11. Realización en horario lectivo e non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes 14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas 16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia 17. Retirar o ordenador entre 1 semana e 1 trimestre, dependendo da gravidade
Estragar, pisar ou maltratar as prantas ou a horta	Amoestación por privado ou escrito 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material) 11. Realización en horario lectivo e non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro 12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes
Incumprimento das sancións impostas	1. Amoestación por privado ou escrito 2. Comparecencia inmediata ante Xefatura de Estudos ou Dirección 10. Reparar o dano ocasionado (persoal ou material) 11. Realización en horario lectivo e non lectivo de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro

- | | |
|--|---|
| | <ol style="list-style-type: none">12. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes14. Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas16. Apartalo/a do grupo-clase á Aula de Convivencia17. Retirar o ordenador entre 1 semana e 1 trimestre, dependendo da gravidade |
|--|---|

MODIFICACIÓN NOF E NORMAS DE CONVIVENCIA

Atendendo a Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos, a Consellería vén de publicar a orde anterior, para regular o uso dos teléfonos móbiles, a través dun protocolo.

Consolidar a convivencia positiva como estilo educativo implica impulsar unha convivencia dixital responsable para garantir que os centros educativos sexan contornas dixitalmente saudables que promovan o benestar dixital e espazos que promovan a tolerancia cero a todo tipo ou forma de acoso. Neste contexto é necesario ter en conta o significativo proceso de transformación dixital das escolas e a súa contribución ao enriquecemento do proceso educativo, a través das numerosas posibilidades que ofrecen as novas ferramentas dixitais. Dentro deste crecemento da dixitalización débese pór a mirada na utilización do teléfono móbil como medio de acceso a internet e ás redes sociais na adolescencia. O seu uso forma parte do día a día e as persoas menores empezan a usar móbiles e outros dispositivos con acceso a internet cada vez desde idades máis temperás. Con todo, as vantaxosas posibilidades destes dispositivos veñen acompañadas de potenciais riscos asociados á súa mala utilización, polo que é imprescindible promover o emprego seguro das novas tecnoloxías, proporcionando á comunidade educativa recursos e ferramentas que lles permitan desenvolverse con seguridade nunha contorna dixital. É, polo tanto, conveniente equilibrar o seu uso nos centros educativos de xeito unificado co obxectivo de que sexan utilizados con finalidade pedagóxica.

O obxecto deste protocolo é promover a implantación nos centros educativos de Galicia das boas prácticas no uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos identificadas e, en consecuencia, propoñer as pautas de actuación e intervención que se estima necesario adoptar para garantir a convivencia nos centros educativos, co obxectivo fundamental de desenvolver relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa no relativo ao uso destes dispositivos e acadar un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos.

De acordo co exposto determínanse as seguintes pautas a implantar nos centros educativos, que se identifican como boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar:

1. Nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que ofrezan algunha das ensinanzas reguladas na lei orgánica educativa en vigor, a prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación establecida durante os períodos lectivos debe estenderse tamén, con carácter xeral, á totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos.
2. Considéranse aos efectos deste protocolo como **períodos non lectivos os seguintes**: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
3. Os centros poderán establecer **excepcionalmente normas** para a correcta utilización dos dispositivos indicados como ferramenta pedagóxica, supervisada polo profesorado.
4. **Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole**, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.
5. Este protocolo ten un carácter básico e deberá ser contextualizado á realidade do centro e incluído nas súas normas de convivencia.

Tamén **se modifica o decreto 8/2015**, que desenvolve a lei de convivencia, **concretamente o artigo 19.4**, onde se recollía a regulación do uso dos teléfonos móbiles e outros dispositivos.

Antes: 4. Así mesmo, prohibese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

*Agora: Ao anterior o texto engade que, excepcionalmente, **os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica**. Esta norma mínima, por cuxo obrigado cumprimento debe velar o equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, pode ser desenvolta polos centros docentes co obxectivo fundamental de propiciar unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa e lograr así un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar. Nesa liña, son numerosos os centros docentes da Comunidade Autónoma que teñen recollido nas súas normas de convivencia restricións ao uso de teléfonos móbiles que van máis alá da norma mínima recollida no decreto, con resultados para a convivencia valorados como positivos por toda a comunidade educativa.*

Este protocolo deberá incluírse nas NOF, ten carácter básico e cada centro terá que contextualizalo. De todos os xeitos **pode haber excepcións**, algunhas xa se recollen no protocolo e outras irán en función da tipoloxía dos centros.

Polo tanto procédese a actualizar as NOF do centro e as normas de convivencia

Permanencia na Aula de Convivencia

Todo o alumnado que acuda á Aula de Convivencia deberá cubrir a “Folla de pensamento” en relación á acción acontecida, aínda que tamén pode ser cuberta polo profesorado (dependendo do estado emocional do alumno/a). Posteriormente, permanecerá na aula o tempo acordado, sempre con tarefa escolar e/ou de habilidades sociais, responsabilidade do profesorado co que ten docencia e da Xefatura do Departamento.

Soamente acudirá a esta Aula o alumnado que leve a cabo unha conduta grave contraria á convivencia (especificadas nas táboas anteriormente indicadas). O profesorado que presencia dita conduta cubrirá un Parte de incidencias, avisará a Xefatura de Estudos e titor/a, quen porá en contacto da familia, ese mesmo día, o feito acontecido. Por último, deixará copia en Xefatura.

A atención do alumnado na Aula de Convivencia será organizada pola Xefatura de Estudos tendo en conta ao profesorado de garda ou con dispoñibilidade horaria.

No caso de que o alumno/a sexa enviado no transcurso dunha sesión, solicitarase ao profesorado de garda a presenza na aula e avisarase á Xefatura de Estudos da incidencia.

No caso de que a permanencia na Aula de Convivencia estea prevista, será organizada pola Xefatura de Estudos, informando directamente ao profesorado.

En todo caso, en función das circunstancias, a atención do alumnado na Aula de Convivencia poderá darse polo profesorado responsable directo da medida, acudindo o profesorado de garda á aula ordinaria. A responsabilidade do traballo educativo en ambas aulas será sempre responsabilidade do profesorado correspondente.



6.2 Actuacións concretas

O presente plan de convivencia desenvolverase tendo en conta os fins e principios que rixen, non só a convivencia, senón o completo proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito, a convivencia estará presente en diferentes actuacións que concretan o modelo educativo do centro.

En relación ó PE, recóllense nel diferentes medidas que pretenden *Potenciar a convivencia de toda a comunidade*. Dentro destas medidas, contamos con actuacións de sensibilización, actuacións de prevención e actuacións organizativas e curriculares. Dentro destas últimas, atópanse os obradoiros internivel, a aprendizaxe cooperativa e os patios dinámicos, tal e como se especifican de xeito detallado no correspondente apartado do PE.

Por outra banda, nas concrecións curriculares establecidas para os diferentes niveis educativos, establécese a convivencia como un dos eixos a ter en conta na avaliación das correspondentes áreas. Deste xeito, a convivencia será un criterio de cualificación a través dos estándares de aprendizaxe, que se verá reflectido tanto na cualificación das áreas, como das capacidades que se plasman nos boletíns oficiais de notas. Toda esta información queda organizada e recollida no correspondente documento das Concrecións Curriculares.

Por último, no Plan de Acción Titorial (PAT) encóntrase o correspondente Plan de acollida, tanto como para o profesorado como para o alumnado, que permite organizar e dar coñecemento e cabida na actividade do centro a todas aquelas persoas que se inicien no mesmo.

6.3. Protocolos

Seguindo o establecido no Decreto 8/2015, recóllense diferentes protocolos e actuacións que permitan unificar criterios de cara a establecer as medidas correctoras e os mecanismos de xestión da convivencia.

Protocolos recollidos:

1. *Actuacións a levar a cabo tras un conflito sucedido no centro escolar*. Anexo II
2. *Folla de pensamento*. Anexo III
3. *Parte de incidencias*. Anexo IV
4. *Resumo semanal de comportamento*. Anexo V
5. *Contrato para mellorar o comportamento*. Anexo VI
6. *Dilixencia para facer constar o posible cómputo de condutas leves contrarias á convivencia*. Anexo VII

Tanto para desenvolver na aula de convivencia, como para implementar en diferentes aulas ordinarias, contarase con programas de habilidades sociais deseñados polos especialistas do DO, que permitan contribuír á mellora da convivencia a través do autocoñecemento e empatía.

Do mesmo xeito, teranse en conta os protocolos establecidos pola Consellería de Educación en relación á convivencia, priorizando o Protocolo de control de absentismo escolar, e os Procedementos conciliado e común para a resolución de condutas contrarias á convivencia.

Todas estas medidas e actuacións concretaranse cada curso escolar e estarán incluídas na PXA.



7. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

A implementación do presente plan só será posible a través do traballo conxunto dos diferentes órganos de coordinación e participación no centro.

- **Comisión de Convivencia**

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Os seus membros serán elixidos polo consello escolar do centro, segundo o establecido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015. A comisión levará a cabo as súas funcións, así como, as reunións marcadas segundo o establecido no citado decreto.

- **CCP**

Tendo en conta o carácter deste órgano de coordinación e a súa implicación no mantemento das liñas de intervención do centro, promoverase a consulta e análise da convivencia e todos os mecanismos en relación a ela, sempre que a situación o demande. O aporte dos membros da CCP será tido en conta na toma de decisións en relación ó desenvolvemento de actuacións no centro, por parte da comisión de convivencia.

Así mesmo, poderán levarse a cabo actuacións concretas, propostas pola CCP, para o desenvolvemento da convivencia, sempre e cando sexan acordes a todo o recollido no presente plan.

- **Reunións de Departamento de Orientación + Equipo directivo**

Dentro da organización do centro, a reunión semanal de coordinación entre a Xefatura do DO, o profesorado especialista de PT e AL e o Equipo directivo constitúe un mecanismo de coordinación en relación á convivencia. O aporte dos membros desta reunión será tido en conta para a toma de decisións sobre actuacións concretas para o desenvolvemento da convivencia.

Do mesmo xeito, promoverase a consulta e análise da convivencia por parte dos membros desta reunión na procura de manter un clima de sustentabilidade adecuado.

- **Titorías**

Será responsabilidade do profesorado titor ter informadas ás familias de todos os procedementos e mecanismos en relación á convivencia. Deberá darse a coñecer ás familias tanto o Plan de convivencia como as NOFC, incluíndo este punto na reunión inicial de principio de curso.

A comunicación coas familias manterase de xeito habitual tendo en conta os criterios establecidos no PE. Informarase de aquelas actuacións por parte do alumnado contrarias á convivencia, así como, as medidas e consecuencias para a súa corrección tendo en conta o establecido nas normas de convivencia e todas as consideracións do Decreto 8/2015.

8. Seguimento, avaliación e propostas de mellora

O presente plan contará coa súa concreción anual que permite axustar o seu desenvolvemento ás situacións concretas do curso escolar e será incluída na PXA. As consideracións recollidas na memoria anual de dita concreción farán posible recoller modificacións e propostas de mellora, que se incluírán no Plan de convivencia sempre que se refiran a condicións e características deste. O



presente plan deberá ser revisado e actualizado sempre que as características e liñas de actuación sexan modificadas, así como, cando a variación da contorna o esixa. Así mesmo, a Comisión de convivencia analizará a memoria anual da concreción na primeira reunión do seguinte curso escolar, tomando decisións sobre as posibles modificacións ou aportacións ó Plan de convivencia.

9. Difusión do plan

O presente plan de convivencia darase a coñecer a toda a comunidade educativa a través das diferentes canles de participación e coordinación. Do mesmo xeito, farase público a través da páxina web do centro e fomentárase o seu coñecemento por parte do alumnado, para ser consciente e participe de todos os mecanismos que sustentan a convivencia no centro.

10. Aprobación do Plan de Convivencia.

Aprobado polo Consello Escolar con **data**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEP XOSÉ NEIRA VILAS

Barrio Peroleira, nº 34. Peitieiros (Gondomar) – 36389
Telf.: 886 11 02 20 - E-mail: cep.neira.vilas@edu.xunta.gal



ANEXOS



Anexo I: NORMAS VIXIANZA/GARDAS DE PATIO

- Cada día encargarase de regular as entradas e saídas o profesorado que lle corresponda segundo as quendas que se establezan para a vixianza dos recreos. Este grupo de profesorado **será o primeiro en saír** ó patio cando toque o timbre.
- Cada grupo de profesorado de vixianza será **visible en todo o recinto**: pistas, entrada + WC, parte de atrás do colexio e xardín (cadeas e coches), coidando que o alumnado permaneza nos espazos delimitados.
- Antes de que comecen a subir as filas, tanto ás 9:30 como ás 12:30h, o profesorado encargarase de que **o alumnado suba en orde e o máis tranquilo posible**, evitando así conflitos antes de entrar nas aulas. O profesorado estará dividido para que un grupo mande subir as filas e outro se sitúe na entrada para controlar a subida. O resto do profesorado estará nos corredores e irá acompañando ó seu grupo ás clases para que o alumnado non entre só ás aulas.
- Na saída do alumnado haberá 2 toques de timbre, o 1º para o alumnado da 1ª planta e o 2º para o da 2ª planta. Tanto para subir como para baixar, desprazarémonos polo **lado dereito** da escaleira.
- O alumnado **non poderá permanecer nas aulas** en tempo de recreo, agás que sexa acompañado polo profesorado que o autorice, nin subir ás aulas sen autorización do profesorado de garda. Recordarlles baixar os abrigos nos días de frío para evitar esa situación.
- Cando se produzan avisos por temporais e se cancelen as actividades no exterior, cada grupo permanecerá na súa aula e poderán compartir ese rato de recreo cos grupos do seu corredor. O profesorado de garda estará **distribuído nos corredores** dos diferentes niveis (1º e 2º, 3º e 4º, 5º e 6º), **apoiado** polo profesorado dos *ciclos* correspondentes.
- Para **xogar co balón**, o alumnado de 3º a 6º compartirá a pista de abaixo, a do medio (ata que se organicen os xogos pintados no chan), e a de arriba segundo as **quendas** correspondentes que estarán expostas na porta da saída do patio. O alumnado de 1º e 2º niveis poderá xogar na parte de atrás do edificio escolar pero non subir ás pistas superiores para xogar durante o recreo. Os grupos **non poderán compartir** as pistas con outros grupos de diferentes niveis. **Ninguén poderá xogar ó balón se chove.**
- Collerán **os balóns** do cuarto de conserxería cando esté alí o conserxe ou profesorado de garda.
- O alumnado permanecerá na **entrada/hall** excepcionalmente, por enfermidade e/ou á espera de que o veña recoller a familia.
- O uso da **porta lateral** está reservada para as actividades extraescolares. Durante **horario lectivo** polas mañás usaranse as **principais**.
- **Recordar nas aulas**: despois de ir ó baño, tirar da cisterna, lavar as mans e apagar as luces. Incidir no feito de pechar as portas da entrada para evitar pérdidas de calor da calefacción. Non tirar as merendas ó chan nin nas papeleiras.
- **O profesorado** debe vixiar as condutas e xogos que podan ser contrarios á convivencia e intervir, pero non xogar co alumnado, nin facer uso dos teléfonos móbiles.



Anexo II: **ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO TRAS UN CONFLITO SUCEDIDO NO CENTRO ESCOLAR**

(alumnado)

Toda acción ten que ter a súa consecuencia inmediata

1. Contar o sucedido a un profesor/a do centro.
2. Cubrir a **Folla de pensamento**.
3. Intentar reparar o dano feito. Pedir perdón.
4. Establecemento da sanción con previo acordo **Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia**.

ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO TRAS UN CONFLITO SUCEDIDO NO CENTRO ESCOLAR

(profesorado)

1. Buscar a orixe da conduta (personal, familiar, social...).
2. Tono de voz firme.
3. Escoita activa.
4. Non entrar na loita directa co alumno/a en cuestión: intentar ignorar/facer ver que mentras estea alterado/a non se vai falar con el/ela e evitar contestacións tipo: *que dixeches? mírame á cara...* xa que deste modo estámonos poñendo á súa altura.
5. Levar rexistro individual do alumnado no **Parte de incidencias**, e establecer **Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia**.
6. Enviar notificación á familia e gardar copia:
 - ◆ **Amoestación por escrito na axenda.**

En caso de reiteración, 3 faltas leves:

- a) Dilixencia para facer constar o posible cómputo de condutas leves contrarias á convivencia a efectos de determinación de reiteración,**
 - b) Resolución sobre o cómputo de condutas leves contrarias á convivencia a efectos de determinación de reiteración,**
 - c) Comunicación dunha posible conduta gravemente prexudicial para a convivencia**
8. Existe un modelo de **Contrato para mellorar o comportamento** e unha folla de **Resumo semanal de comportamento**, nos casos de reincidencia.



Anexo III: FOLLA DE PENSAMENTO

Nome.....Curso.....Data.....

1. Que situación provocou en min este malestar ou enfado?

5. Como me podo sentir agora
ante esta situación con estes
novos pensamentos?



2. Emoción ou sentimento que sentín:

3. De que outra forma puiden
arranxar o problema?

4. Por que non pedín axuda antes de
chegar a esta situación?

6. Síntome mellor e máis tranquila/o despois de facer esta reflexión? Por que?



Anexo IV: **PARTE DE INCIDENCIAS - Condutas contrarias á convivencia**

Datos do/a profesor/a:		
Titoría/Área:	Data	
Datos do alumnado implicado		
Iniciais de nome e apelidos		
Iniciais de nome e apelidos		
Iniciais de nome e apelidos		
Feitos acaecidos		
Lugar:	Data:	Hora:
Breve relato dos feitos (continuar na outra páxina)		
Tipo de falta (rodear a principal e subliñar outras se as houberse):		
Agresións físicas/psíquicas	Gravación, difusión info persoal	
Discriminación grave	Acoso Escolar	
Desafío á autoridade	Danos graves ás instalacións	
Suplantación identidade (desconsideración)	Reiteración de condutas leves	
Perturbación desenvolvemento das actividades do centro		
Actuacións gravemente prexudiciais para a saúde		
Portar obxectos gravemente perigosos e/ou negarse a entregalos ao profesorado		

A cumprimentar pola Titoría (Chamada ou cita)

Comunicación escrita ao pai/nai/titoría legal		
Data	Data do Recibín:	
Chamada telefónica ao pai/nai/titoría legal		
Data:	Hora:	Teléfono:
Cita co pai/nai/titoría legal (subliñar o que proceda)		
Datos da entrevista:		
Medida correctora adoptada consensuada e data:		
Realización de tarefas	Conciliación	
Suspensión actividades extraescolares ou complementarias (entre 2semanas e 1mes)	Non se impuxeron medidas correctoras	
Suspensión asistencia a determinadas clases (entre 4 días e dúas semanas)	Cambio de grupo	
Suspensión asistencia ó centro (entre 4 días e 1 mes)	Pendente de resolución	
	Cambio de centro	



Anexo V: **RESUMEN SEMANAL DE COMPORTAMENTO**

Nome Curso Semana.....

O alumnado fai a reflexión rodeando B – Ben // R – Regular // M – Mal e o profesorado que teña clase a esa hora escolle a opción máis adecuada:

		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	Eu	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
	Profe	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
2ª hora	Eu	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
	Profe	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
3ª hora	Eu	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
	Profe	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
4ª hora	Eu	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
	Profe	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
5ª hora	Eu	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M
	Profe	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M	B/R/M

Comentarios do profesorado:



Anexo VI: **CONTRATO PARA MELLORAR O COMPORTAMENTO**

CONTRATO PARA MELLORAR O MEU COMPORTAMENTO

Eu, alumna/o de curso, do CEP
Xosé Neira Vilas, en presenza de:

- , a/o director/a
- , a/o xefe de estudos
- , titor/a
- , orientador/a
- , os meus pais

Comprométome a mellorar o meu comportamento da seguinte maneira:

.....

.....

.....

.....

A cambio, permitiráseme:

.....

.....

.....

.....

Se non o cumplo, as consecuencias serán:

.....

.....

.....

.....

E para que así conste, firmamos todos os presentes.

En Peitieiros, a de de



Anexo VII: DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR O POSIBLE CÓMPUTO E CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA PARA OS EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN

Nome e apelidos do destinatario ou dos seus representantes legais no caso de menores incapacitados:

Enderezo (rúa, número, porta etc.):

Código postal, localidade, concello, provincia:

DILIXENCIA DA DIRECCIÓN DO CEP XOSÉ NEIRA VILAS PARA FACER CONSTAR O POSIBLE CÓMPUTO DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA PARA OS EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN

FEITOS

1.O día de de , o/a alumno/a *(Resumo da conduta leve corrixida e INDICACIÓN EXPRESA DA LIÑA DO ARTIGO 42 na que se enmarca)*

2. *(Referencia á medida correctora imposta con indicación expresa do artigo 43, o Plan de convivencia e normas de convivencia do centro, se procede).*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece no seu **artigo 38** que a reiteración, dentro dun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia poderá considerarse como conduta gravemente prexudicial para a convivencia, cos efectos legalmente previstos.

2. O **artigo 29 da Lei 40/2015** establece, ao respecto da reincidencia, que esta poderá ser determinada por comisión de infraccións da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

3. A dirección do centro é competente para impoñer todas as medidas correctoras previstas no **artigo 43 do Decreto 8/2015**, de acordo co establecido no **artigo 44** do devandito decreto.

De acordo con todo o indicado, **FAGO CONSTAR:**

A conduta leve contraria á convivencia do/a alumno/a o día de de tipificada como a), b), c), d), e), f) das previstas no **artigo 42 do Decreto 8/2015** con carácter de resolución firme para a súa posible consideración



na determinación de reiteración de acordo co establecido na alínea k) do artigo 38 do citado decreto, dentro do presente curso escolar.

Mediante este documento notifícaselle a (*nome da nai/pai/titor/a legal do/da alumno/a ou ao propio alumno no caso de ser maior de idade ou análoga situación*) esta comunicación para o seu coñecemento e cos efectos oportunos, contra o que poderá formular, de ser o caso, as alegacións que considere procedentes

....., de de

O/A director/a

Helena González González